

Fernando González Suárez

## A antiga capela da Madalena de Ourense

Esta enigmática capela coa advocación de María Madalena, estivo situada <sup>1</sup> na praza que hoxe leva esa denominación, antigo claustro, noutro tempo patio poboado de laranxeiras e cemiterio, logo mercado e agora convertida en xardín silandeiro e romántico, tránsito da Catedral a Santa María Nai, que a preside hoxe un fermoso cruceiro do século XVIII traído dende o seu primitivo emprazamento, do lugar que popularmente se chamaba en Ourense, *Alameda do Cruceiro*.

Merece a pena que lembremos que desta nostálgica *Alameda*, só queda un pésimo parque infantil, outra parte da mesma convertérona, increíblemente, en solar no que logo se construíría o Pazo de Xustiza e, finalmente, hai poucos anos fíxose un soto para aparcamento de coches, co cal terminouse de derramar.

Xa son poucos os ourensáns que coñeceron o esplendor de tan magnífica zona verde da cidade lamentablemente perdida como tantas outras cousas.

Pero volvendo a capela da Madalena, sinalaremos que se ten noticia da mesma, por primeira vez, nun documento do 5 de novembro de 1276, do arquivo da Catedral <sup>2</sup> (454) que di o seguinte: *arrendo de una casa a Elvira Fernández sobre la iglesia de Santa María Magdalena*, e outro de 13 de xaneiro de 1295 (515), co texto: *Foro a Pedro Pérez, mercader, y su mujer Dominga Estévez, de unas casas IN TENDIS, (rúa das Tendas) PROPE ECCLESIAM SANCTE MARIE MAGDALENE, IN CANTO VICI*.

E noutro documento (607) de 17 de agosto de 1315 dise: *Composición entre Martín Martínez, capellán de Santa María Magdalena y Alfonso Pérez de*

---

1. Parece ser que a súa ubicación exacta coincidía coas escaleiras da Fontenova e co solar que ocupa unha casa de recente construción onde, anteriormente había outra máis antiga, que foi derribada no ano 1974, e que tiña un vistoso corredor de madeira; a casa leva o número 2 pola calle Cisneros, pero da tamén a Praza do Trigo e a da Madalena

2. Emilio Duro Peña. *Catálogo de los documentos privados en pergamino del archivo de la Catedral de Orense (888-1554)*. I.E.O. "Padre Feijoo". Ourense, 1973.



1. Casa donde estuvo la capilla.

*Bóveda, por razón de algunos desperfectos en una casa de dicha capilla en la Rúa de Arcedianos.*

En 4 de febreiro de 1345 (763), sinálase que *Lorenzo Eanes, canónigo y vicario del obispo don Álvaro* <sup>3</sup>, *manda hacer entrega a Juan Alfonso, clérigo de coro, tenedor de la capilla de la Magdalena, una casa en la Rúa de Arcedianos, por haber fallecido el forero.*

Con data de 30 de maio de 1472 (1.429) *Gómez Ares, racionero, tenedor de la capilla Fungoso* <sup>4</sup>, *sita en la capilla de la Magdalena, afora a Diego Díaz, bulseyro, y a su mujer María Afonso, y a diez voces, un piteiro de viña en Río de Fosado, por 20 mrs.*

E outro pergamiño do día 13 de novembro de 1489 (1.504), dí: *Foro a Álvaro Vázquez, canónigo, y a seis voces, de unas casas “asobradas co seu sotoon e cámara”, junto a la capilla de la Magdalena, por 160 mrs. viejos.*

*das co seu sotoon e cámara”, junto a la capilla de la Magdalena, por 160 mrs. viejos.*

Con data do día 8 de agosto de 1523 (1.646) *Vasco Blanco, cumplidor de Roy do Olmo, vende a Francisco Fernández una casa en la Rúa Penavigía, forera a la capilla de la Magdalena, por 5.000 pares de blancas, pagos en una taza de plata dorada grande.*

E xa, por último, outro documento destas características de data 15 de xuño de 1529 (1.657), sinala *Foro a Pedro Fernández y a su mujer Constanza García, y a ocho voces, de unas casas asobradas junto a la Plaza y capilla de Santa María Magdalena, por 160 mrs. viejos.*

Os oito anteriores documentos privados que se foron citando por orde cronolóxico, delatan con total nitidez a existencia da capela ou igrexa, das dúas formas se denomina nos mesmos, da Magdalena ou de Santa María Magdalena.

3. Refírese ó bispo Álvaro Pérez de Biedma (1343-1351).

4. Fai alusión ó fundador da capela da Magdalena, Rodrigo Pérez Fungoso.

Hai unha referencia moi interesante da capela que nos ocupa que está relacionada co constructor do cimborrio da Catedral, Rodrigo de Badajoz; con data 16 de decembro de 1511, Constanza Blanco, veciña de Ourense, donou e cedeu ó citado mestre de cantería: *...las casas que tenía en foro del Cabildo, de la Plaza del Pescado... que demarca e tienen por linderos e demarcaciones de la una parte la ig.<sup>a</sup> de St.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Magdalena...e tyenen las puertas junto con la entrada e portal de la dicha Ig.<sup>a</sup> de la Magdalena...*<sup>5</sup>. (*Lib. 5º de Rodrigo Vázquez, fol. 95*)<sup>6</sup>.

Algunhas veces utilízase a capela como referencia de distancia ou situación, noutros casos menciónase o nome dalgún capelán da mesma, dun tenedor clérigo de coro, ou dun racioneiro.

Tamén se di que a capela está situada nunha praza que leva por nome a da titular da igrexa, e que chega así, con esa denominación, ata os nosos días sen que a maioría dos ourensanos coetáneos con estes nosos tempos saiban a súa orixe, sen que poidan sospeitar que nese recanto tan fermoso do noso Ourense perdurable, existiu unha igrexa dedicada a Santa María Madalena que se erixiu no século XIII e se mantivo irta ata que se derrubou no século XIX, como consecuencia de causas *sospeitosamente* escuras, relacionadas co urbanismo e coa escusa gratuita: *por servicio público*, e sempre por ordenes dos munícipes de turno. ¡Qué raro!

No *Libro de aniversarios de la Catedral de Orense*<sup>7</sup>, pertencente ó arquivo da Catedral, magnífico exemplar de 147 folios, no que se vai dando conta, día por día, dos aniversarios e fundacións establecidos na Catedral, nunha das súas partes faise referencia á situación das diversas capelas e dependencias e ás principais sepulturas, citando, por exemplo,: *En Santa María Madre, en el claustro, estaba un púlpito, (cátedra praedicationis) y hacia la plaza había unas columnas, (...) se añade que estaban a la salida de Santa María Magdalena. Tambien se habla del luminare capellae S. Mariae Magdalenae*. Engadindo máis adiante: *...Se considera como fundador de la capilla de Santa María Magdalena a don Rodrigo Pérez Fungoso, y, por tanto, injustamente se le dio a D. Juan Gayoso*<sup>8</sup>.

A igrexa foi padroado do Cabido ata 1626 que o cede, en determinadas condicións, a don Juan Gayoso Noguero y Prado<sup>9</sup>, Alférez Maior e rexedor,

5. Manuel SÁNCHEZ ARTEAGA. *Apuntes histórico-artísticos de la Catedral de Orense*. Pág. 87.

6. *Ibidem*. Estas casas son las señaladas hoy con el num. 6 de la calle de Modesto Fernández y con el num. 9 de la Plaza del Trigo.

7. Eladio LEIRÓS. *El libro de aniversarios de la catedral de Orense*. Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense. Tomo XIII. p.11 e seguintes

8. O apelido Gayoso procede do lugar do mesmo nome no concello de Outeiro de Rei, na provincia de Lugo. Según o Padre Gándara *es de los más antiguos del Reino de Galicia*. As súas armas son tres faixas de azur en campo de ouro e tres troitas.

9. Pedro LÓPEZ. *Historia del Pazo de Oca*. Bol.Aur.XIV-XV (1986), p.154

Cita a don Juan Gayoso Noguero y Prado y Gato, natural de Orense, de donde fue Alférez Mayor y regidor principal, caballero de Santiago en 1629; contrajo matrimonio con doña Catalina

para sí e os seus sucesores coas seguintes condicións: *El Cabildo entregará toda la capilla alto y bajo desde las paredes de la casa de don Juan de Gayoso hasta las del altar mayor para que en ellas pudiera edificar, poner rejas, abrir puertas desde dicha casa poner escudos de armas rótulos, celosías y todo lo que le pareciese.*


Don Juan Gayoso repara a capela, xa que as paredes e o tellado están en moi mal estado, pon una porta forte e de boa calidade hacia a praza e entrégalle a chave ó Cabido. O propietario non lle poñerá impedimento ó paso por a capela de camiño a igrexa de Santa María Nai.

Por razón de patrón, don Juan Gayoso daríalle á fábrica da Catedral de Ourense, cinco moios (unhas oito olas) de viño branco de renta, procedente dun viñado que tiña en Reza <sup>10</sup>.

Outra condición obrígáballe a non poder enterrar na mesma a ninguén que fose alleo a don Juan Gayoso e a seus herdeiros, nin poderá ter confrarías, nin dicir Misa os maordomos e confrades de ela, a non ser con asentimento do patrón e dos seus sucesores.

O Cabido, na festa da Madalena, o día 22 de xullo, despois de acabada a Misa tiña a obriga de dicir un responso na capela con canto de órgano e toda a música que houbera na igrexa e, por esa función, percibiría 3.000 maravedís ó ano.

Nesta igrexa tiñan o seu enterramento os patróns, e seus escudos de armas campaban nos mesmos ata que foi demolida no ano 1847, sendo trasladados á capela de San Xoán da Catedral auriense, onde se atopan en dous enterramentos da dereita: o primeiro é o de don Juan de Gayoso Noguerol y Prado, cabaleiro profeso da Orde de Santiago, familiar do santo oficio e Rexedor e Alférez Maior cabo e capitán da cidade de Ourense e seu partido por súa



2. Escudo de los Gayoso

de Neira Mendoza Bermúdez de Castro (o de Mendoza y Castro), que llegó a ser Señor de Oca por fallecimiento de su hermano D. Gonzalo sin descendencia.

10. En Reza ata hai poucos anos existía a viña e casa co escudo de armas de Don Juan Gayoso, idéntico o que tiña na capela.

maxestade e o outro pertence á sepultura e enterro da señora dona Catarina de Mendoza e Castro e Bermúdez, a súa dona <sup>11</sup>.

De esta familia son descendentes os actuais condes de Amarante e Rivadavia, marqueses de Camarasa e outros títulos.

O retábulo desta capela da Madalena, o que existía no momento do derrubamento da mesma, foi doado no ano 1853 á parroquia de San Xoán de Sobreira, concello de Vilamarín, por orde do conde de Ribadavia, patrón desta igrexa <sup>12</sup>.

Por dar algúns datos máis sobre os moitos devotos da capela, deixaremos constancia dalgunhas mandas:

No testamento de García Díaz de Espinosa, veciño e Rexedor da cidade de Ourense, de data 4 de maio de 1439, manda <sup>13</sup> *para o lume das lámparas da*



Foto 3.

*Sepulcro dos Gayoso. Capela de San Xoan. Catedral de Ourense.*

11. Manuel SÁNCHEZ ARTEAGA. *Apuntes Históricos-artísticos de la Catedral de Orense*. La Región. 1916. pp.152 e 153.

12. O coñecemento deste dato facilitounolo, no seu día, Don Emilio Duro Peña, arquiveiro da Catedral ourensana.

13. Jesús FERRO COUSELO. *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ó XVI*. Editorial Galaxia. Vigo, 1967.

*citada igrexa d'Ourense e de Santa María Madalena e de Santa María a Madre, da do Posyo e de Reça e da Trenydad, medio açumbre d'aceyte a cada igrexa. E noutro documento, dise: Embargo e empedreamento dunha casa que á par da igrexa da Madalena facía Johan Paas “en dano do Conçello e do cabidoo”*

É unha mágoa que en ningunha parte se menciona que forma tiña ou a que estilo arquitectónico respondía a capela da Madalena. Sabemos que no século XIII xa estaba construída, al menos o primeiro documento que a menciona é de 1276, polo cal hai que supoñer que se edificaría de conformidade ó estilo desa época, pero calquera hipótese que se formule sería pura especulación.

O único que se coñece con toda certeza da igrexa da Madalena, porque se libraron do derribo, son os enterramentos de don Juan Gayoso e da súa dona, cos seus escudos, conservados na capela de san Xoán da Catedral, como se ten dito, e o retábulo da capela de estilo barroco que foi trasladado a parroquia de San Xoán de Sobreira, sita no concello de Vilamarín, como tamén xa se mencionou.

Como vemos o progreso e o modernismo non respectan nada e en nome dos mesmos, unha capela máis, das moitas que existían en Ourense, neste caso a da Madalena pasa a ser unha vítima da picaña.